



Concello do Grove

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS INSTALACIÓN E OBRAS DO CONCELLO DO GROVE

- **Texto íntegro publicado no BOPPO nº176 de data 12/09/2012.**
- **Modificación dos artigos 1.1, 2.2, 6.1, publicado no BOPPO nº81 de data 30/04/2021 (a través da disposición adicional terceira).**
- **Modificación do artigo 4, publicado no BOPPO nº 249 de data 29/12/2023.**

Artigo 1. Natureza e feito imponible

1. O imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) é un tributo indirecto de carácter real. O feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal de O Grove, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, fose obtida ou non a dita licenza ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa e sempre que a súa expedición ou outorgamento lle corresponda a esta corporación.

2. Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que, estando suxeitas a este, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades ás que fai referencia o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan donas da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarias do inmovible sobre o que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terá a condición de suxeito pasivo substituto deste quen solicite as correspondentes licenzas ou realice as construcións, instalacións ou obras ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas. O substituto poderá esixir do contribuínte o

importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 3. Base imponible, cota e devindicación

Segundo o disposto no artigo 102 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

1. A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e entenderase por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela. Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo da execución material.
2. A cota deste imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.
3. O imposto percíbese no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non fose obtida a correspondente licenza.

Artigo 4. Tipo de gravame

O tipo de gravame para aplicarlle á base imponible para a obtención da cota será do 3%.

Artigo 5. Bonificacións

Conforme o disposto no punto 2 do artigo 103 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sobre a cota calculada segundo o artigo anterior aplicaranse as seguintes bonificacións:

- a- Un 75% sobre aquelas construcións instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Esta declaración, que deberá ter sempre carácter excepcional, corresponderalle ao Pleno da corporación mediante maioría simple logo da solicitude do interesado.
- b- Un 50% a favor de construcións, instalacións ou obras que incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar nunha porcentaxe maior ao 80% das necesidades do consumo da obra, instalación ou construción.
- c- Un 50% a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan para mellorar o acceso e habitabilidade a discapacitados. Non lles será de aplicación esta redución ás obras novas nin a aquelas de reforma de edificacións cunha antigüidade menor de 15 anos.

No caso de que concorran varios destes supostos, as porcentaxes de redución aplicaranse en orde decrecente sobre o resultado de aplicar previamente sobre a cota íntegra a porcentaxe anterior.

Artigo 6. Xestión

1. Conforme o disposto no artigo 103.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, cando se conceda a licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa, ou cando, no caso de non solicitarse, concederse ou denegarse aínda a dita licenza, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impositiva:

a) Polo orzamento presentado polo interesado, sempre que fose visado polo colexio oficial correspondente cando iso constitúa un requisito preceptivo.

b) No caso de obras menores, determinarase polos índices ou módulos que a presente ordenanza establece para o efecto no seu anexo. De non existir a partida no citado anexo, os técnicos municipais realizarán o oportuno informe de valoración.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo desta, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, de ser o caso, a base impositiva á que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo, ou reintegrándolle, se é o caso, a cantidade que corresponda.

2. Queda facultada a Alcaldía para establecer mediante resolución o réxime de autoliquidación no caso de que se considere este máis beneficioso, tanto para os contribuíntes como para a economía administrativa. Mentres tanto, as cotas esixiranse mediante liquidación xirada ao interesado.

Artigo 7. Inspección e recadación

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 8. Infraccións e sancións

No relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que por estas correspondan, aplicarase o réxime regulamentado pola Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Disposición derogatoria

Queda derogada a anterior ordenanza municipal reguladora deste imposto e todas aquelas disposicións emanadas de órganos municipais que se opoñan ou contradigan o presente texto articulado.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se complete o seu trámite de aprobación e exposición pública e se publique o seu texto no *Boletín Oficial da Provincia*.

ANEXO

CADRO DE MÓDULOS PARA O CÁLCULO DE ORZAMENTOS DE OBRAS MENORES PARA EFECTOS DE LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DO GROVE

	OBRAS MENORES	IMPORTE MÓDULO
4.1	ACOMETIDA DE AUGA	
Ud.	Acometida tipo medio	350,00 €
4.2	SUMIDOIROS	
Ud.	Acometida tipo medio	350,00 €
Ud.	Fosa séptica	1.500,00 €
M ²	Cuarto de baño ref. interior	562,32 €
4.3	POZOS	
Ud.	Pozo tipo medio	1.200,00 €
4.4	PECHES	
M ²	Peche de bloques	35,00 €
M ²	Peche de pastas	45,00 €
M ²	Peche de perpiaño o mamp.	75,00 €
M ² .	Muro contención 1,00 m.	100,00 €
4.5	REVESTIMENTOS	
M ²	Recebos	10,00 €
M ²	Chapado pedra natural	60,00 €
M ²	Chapado pedra artificial	45,00 €
M ²	Pintura exterior.	6,00 €
M ²	Chapado plaqueta cer.	25,00 €
M ²	Encintado cantería	5,00 €
4.6	CONDUTOS	
Ud.	Cheminea	400,00 €
Ml.	Canais e baixantes	30,00 €
4.7	CARPINTERÍA	
M ²	Carpintería ext. aluminio	200,00 €
M ²	Carpintería ext. PVC	225,00 €
M ²	Carpintería ext. madeira	250,00 €
4.8	GALPÓNS	
M ²	Galpón de bloques	100,00 €
M ²	Galpón de pedra	200,00 €
4.9	EMPARRADOS	
M ²	Parra	5,00 €
4.10	RETELLOS	
M ²	Retello	25,00 €
M ²	Retello e cambio armazón	50,00 €
NORMA XERAL. Para o caso de que o orzamento presentado non se axuste estritamente aos módulos deste cadro, actuarase ben por similitude, con base nos baremos que quedan reflectidos, ou ben mediante o oportuno informe-valoración dos técnicos municipais.		